



Presentación da Monografía *As letras galegas na Encrucillada*

Marisa Vidal Collazo

Boa tarde a todas. Grazas por estar aquí nesta nosa celebración dos 40 anos de Encrucillada.

Hai 10 anos Encrucillada fixo un cambio de persoas na súa xestión e desde aquela formo parte da mesa de redacción da revista. Agora estou aquí, ante vós, como parte do equipo editor da Monografía en dous tomos, *As Letras Galegas na Encrucillada*, que hoxe presentamos.

Quérovos contar o que para min supuxo a elaboración desta monografía. Ante todo foi un traballo en equipo de recompilación de artigos, localización de autores, tratamento dos textos... Foi todo un reto confrontarme con textos escritos ao longo dos últimos 40 anos, nos tempos da tan traída e levada Transición.

Por iso quero empezar a miña intervención loando e recoñecendo o traballo calado da xente que preparou e coidou con esmero a edición e publicación, cada dous meses e sen desmaio, dos 200 primeiros números de Encrucillada. Quero expresamente nomear e agradecer a Andrés Torres Queiruga e, sobre todo, a Engracia Vidal Estévez, que coordinou este proxecto nos seus primeiros 30 anos de existencia, así como ás persoas que formaron parte das diferentes mesas de redacción neses 30 anos. Algúns deles xa non están entre nós, pero sei que acompañan, dende o alén, este noso proxecto chamado Encrucillada. Nomealos a todos é unha maneira de facelos presentes, de recoñecer a súa xenerosidade con agradecemento. Eles e elas son Xosé Martinho Montero Santalla, Segundo Pérez López, Xosé María Lema Suárez, Antón Miramontes Nieto, Carlos García Cortés, Amalia Tomé Rocha, Agustín Díaz